

ADMINISTRACIÓN LOCAL**PROVINCIAL****DEPUTACIÓN PROVINCIAL****Persoal, oposicións**

EXTRACTO DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DO PROXECTO "+EMPREGA EN CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO 2025" PARA FINANCIAR OS CUSTOS DE PERSOAL DAS UNIDADES DE APOIO Á ACTIVIDADE DOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

EXTRACTO DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DO PROXECTO "+EMPREGA EN CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO 2025" PARA FINANCIAR OS CUSTOS DE PERSOAL DAS UNIDADES DE APOIO Á ACTIVIDADE DOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO SEN ÁNIMO DE LUCRO

1. Entidades beneficiarias

Poderán solicitar estas axudas os CEE sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Figurar inscritos como centro especial de emprego no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, de acordo co disposto no Decreto 200/2005, de 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no citado rexistro.
- b) Ter recoñecida a súa condición como centro especial de emprego sen ánimo de lucro.
- c) Constar tanto o domicilio social coma o centro de traballo obrigatoriamente na provincia de Pontevedra.
- d) Estar ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.
- e) Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), nin estar incluídos nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.

A ausencia dos requisitos a), b) e c) no momento de publicación destas bases e da convocatoria no BOPPO, así como a súa obtención despois desta data de referencia, serán causas de exclusión directa. Os demais requisitos sinalados deberán cumprirse na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período de vixencia desta convocatoria.



Mércores, 18 de xuño de 2025

Núm. 115

2. Obxecto

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da concesión de subvencións públicas destinadas a financiar os custos de persoal imputables ao exercicio de 2025 das unidades de apoio á actividade profesional e do persoal que desenvolva accións de coordinación ou dirección dos CEE con sede e centro de traballo na provincia de Pontevedra, que estean inscritos no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego e teñan recoñecida a súa carencia de ánimo de lucro na data de publicación desta convocatoria, coa finalidade de promover a integración laboral das persoas con discapacidade con maiores dificultades de inserción mediante o seu emprego nos CEE que operan nesta provincia.

3. Bases reguladoras

Bases reguladoras aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra nº 10.35340 na súa sesión ordinaria do 13 de xuño de 2025, da Deputación Provincial de Pontevedra e na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO nº 249 do 30 de decembro de 2016.

4. Financiamento e importe das subvencións

A contía total destinada a estas axudas ascende a un importe de sesenta e sete mil (67.000,00) euros e financiarase con cargo á aplicación 25/240.2410.489.90 do Orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2025. Non obstante, a concesión destas subvencións quedará sempre condicionada á existencia de crédito suficiente.

Só se concederá unha subvención por entidade. O importe máximo das axudas será de quince mil (15.000,00) euros para cada unha das entidades solicitantes. En caso de que o crédito dispoñible fose insuficiente, farase un rateo proporcional entre todas as solicitudes que resultasen seleccionadas para recibir a subvención.

5. Valoración e concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrência competitiva. Para a repartición das cantidades das subvencións terase en conta a media de persoas con discapacidade contratadas no CEE indicadas nos informes de datos para a cotización e información por período de liquidación e conta de cotización (Idcpl-ccc) da totalidade dos meses do exercicio anterior (anualidade de 2024) achegado na fase de solicitude, sen que sexan acumulables os seguintes tramos:

- | | |
|---|-----------------|
| a) 10 ou menos persoas traballadoras con discapacidade: | 3.500,00 euros |
| b) De 11 a 20 persoas traballadoras con discapacidade: | 5.500,00 euros |
| c) De 21 a 30 persoas traballadoras con discapacidade: | 7.500,00 euros |
| d) De 31 a 40 persoas traballadoras con discapacidade: | 10.500,00 euros |



Mércores, 18 de xuño de 2025

Núm. 115

e) De 41 a 50 persoas traballadoras con discapacidade: 13.500,00 euros

f) Máis de 50 persoas traballadoras con discapacidade: 15.000,00 euros

Para estes efectos, entenderanse como traballadoras ou traballadores con discapacidade dos CEE aquelas persoas contratadas que, segundo a normativa, se atopen nalgún dos supostos:

- a) Persoas con parálise cerebral, con enfermidade mental ou con discapacidade intelectual, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %.
- b) Persoas con discapacidade física ou sensorial cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 %.

6. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das bases reguladoras e a convocatoria, así como do extracto no BOPPO e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

7. Outros datos de interese

- Solicitudes e documentación: cada entidade deberá presentar a solicitude no modelo normalizado dispoñible na sede electrónica.
- Procedemento de concesión: concorrencia competitiva
- Compatibilidade: Si
- Forma de pagamento: transferencia bancaria
- Forma de xustificación: Pago único unha vez finalizado o período subvencionable dos contratos (31 de decembro de 2025).
- Prazo máximo de xustificación: 31 de marzo de 2026, 3 meses desde a finalización do período subvencionable (31 de decembro de 2025).

Documento asinado dixitalmente na marxe

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:5VOOA8YUFO0V6T1U

